*Este expediente refunde dos intervenciones, fundamentalmente dentro del ámbito de Xuxán, en las que el Ayuntamiento, desde luego, está interesado, muy interesado en que salgan adelante y que también entendemos que la ciudadanía está interesada en ello. En este caso, por un lado el convenio mixto del planeamiento y ejecución para los efectos de estudiar una nueva ordenación en el margen derecho del Sector 10, Parque Ofimático, que trajimos al Pleno municipal el 5 de octubre de 2023 y que, bueno, es lo conocido popularmente como el margen derecho del Ofimático y que va a permitir, como saben ya los vecinos con los que además tuvimos una reunión hace pocos días y que están representantes hoy presentes en el Salón de Plenos, va a suponer el mantenimiento de las edificaciones preexistentes en el ámbito del Sector 10, Parque Ofimático, en el margen derecho, con tipología de vivienda unifamiliar, la reordenación de los equipamientos previstos y la supresión del bloque de viviendas colectivas situadas en la parcela Z47, al no corresponder con la tipología de las edificaciones del entorno.*

*A mayores, se une también el interés*





*remitido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo en maio de 2024 ao presentar o borrador da modificación puntual número 17 do Plan Xeral de Ordenación municipal da Coruña no ámbito de Xuxán que ten como finalidade incrementar a vivenda protexida á conta de reducir o terciario no ámbito concreto da praza central do Parque Ofimático.*

*Por tanto, a modificación puntual, como dicimos, a maiores tamén ten mesmo unha terceira finalidade, que é a de adaptar as modificacións do sistema xeral viario da Vedra, orixinados polo proxecto que por fin está xa en marcha de humanización e ampliación da avenida de Alfonso Molina, adaptar ese ámbito tamén de Xuxán a esa realidade que xa está..., como digo, xa é unha realidade, que é as obras de Alfonso Molina.*

*A nivel de Plan Xeral, a incorporación do proxecto construtivo do Ministerio supón a ampliación polas dúas marxes do barrio da superficie do sistema xeral viario en detrimento da superficie de sistema dotacional público previsto no Plan Parcial que deberá, obviamente, ser axustado e recolocado dentro do Sector.*

*A nivel de Plan Parcial, a proposta que traemos de modificación puntual hoxe para aprobación inicial realiza as seguintes actuacións: altera volumetricamente e os usos tamén admisibles nas parcelas Z41, Z43, Z44 e Z46 do chamado minipolígono Ofimático, o situado na praza central de Xuxán, coa finalidade de permitir elevar o parque de vivenda de protección pública dispoñible na cidade da Coruña, ademais co beneficio para o propio Concello d que afecta a unha parcela municipal.*

***Ás doce horas e trinta e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora***

remitido por el Instituto Galego de Vivenda e Solo en mayo de 2024 al presentar el borrador de la modificación puntual número 17 del Plan General de Ordenación municipal de A Coruña en el ámbito de Xuxán que tiene como finalidad incrementar la vivienda protegida a costa de reducir el terciario en el ámbito concreto de la plaza central del Parque Ofimático.

Por tanto, la modificación puntual, como decimos, a mayores también tiene incluso una tercera finalidad, que es la de adaptar las modificaciones del sistema general viario de la Vedra, originados por el proyecto que por fin está ya en marcha de humanización y ampliación de la avenida de Alfonso Molina, adaptar ese ámbito también de Xuxán a esa realidad que ya está..., como digo, ya es una realidad, que es las obras de Alfonso Molina.

A nivel de Plan General, la incorporación del proyecto constructivo del Ministerio supone la ampliación por los dos márgenes del barrio de la superficie del sistema general viario en detrimento de la superficie de sistema dotacional público previsto en el Plan Parcial que deberá, obviamente, ser ajustado y reubicado dentro del Sector.

A nivel de Plan Parcial, la propuesta que traemos de modificación puntual hoy para aprobación inicial realiza las siguientes actuaciones: altera volumétricamente y los usos también admisibles en las parcelas Z41, Z43, Z44 y Z46 del llamado minipolígono Ofimático, el situado en la plaza central de Xuxán, con la finalidad de permitir elevar el parque de vivienda de protección pública disponible en la ciudad de A Coruña, además con el beneficio para el propio Ayuntamiento d que afecta a una parcela municipal.

***A las doce horas y treinta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones la señora***



**Queixas Zas.**

*Incorpora tamén as catro determinacións complementarias que o Plan Xeral de 2013 inclúe na ficha de condicións particulares do Sector de Xuxán. Mellora, como dicíamos, tamén as conexións do Sector coa avenida da Vedra ao incorporar esa posible saída, non? desde a avenida de Alfonso Molina cara ao sector de Xuxán Parque Ofimático.*

*Modifica tamén a ordenación, como dicía da marxe dereita da AC-11 en sentido saída de Coruña ao transformala nunha área residencial, retirando parte do aproveitamento correspondente da parcela Z10 e eliminando a parcela Z47, tal e como se reflicte no convenio que asinamos por parte do Concello cos propietarios da marxe dereita, e ademais modifícanse as ordenanzas de edificación do Plan Parcial para axustalas a estas necesidades así como a outras necesidades que fomos detectando ao longo dos anos trasladando, bo, pois esas licenzas que se nos van presentando no Concello e que detectan erros ou pequenos cambios que se poden emendar sen ningún problema, como é o que teñen, por exemplo, as parcelas Z1, Z2 e Z3 de unifamiliares que por culpa da ordenación prevista no ámbito, pois aínda non se puideron desenvolver. Teñen unha serie de problemas co garaxe mancomunado e con algunhas deficiencias que emendamos con esta modificación,*

*Polo grao de desenvolvemento que ten o ámbito neste momento, que aínda está en proceso de execución da urbanización, o solo ten a clasificación de solo urbanizable en proceso de execución e por isto a modificación puntual non introduce cambios que poidan alterar os dereitos dos propietarios de solo afectados polo reparcelamento. Neste*

**Queixas Zas.**

Incorpora también las cuatro determinaciones complementarias que el Plan General de 2013 incluye en la ficha de condiciones particulares del Sector de Xuxán. Mejora, como decíamos, también las conexiones del Sector con la avenida de la Vedra al incorporar esa posible salida ¿no? desde la avenida de Alfonso Molina hacia el sector de Xuxán Parque Ofimático.

Modifica también la ordenación, como decía de la margen derecha de la AC-11 en sentido salida de Coruña al transformarla en un área residencial, retirando parte del aprovechamiento correspondiente de la parcela Z10 y eliminando la parcela Z47, tal y como se refleja en el convenio que firmamos por parte del Concello con los propietarios del margen derecho, y además se modifican las ordenanzas de edificación del Plan Parcial para ajustarlas a estas necesidades así como a otras necesidades que hemos ido detectando a lo largo de los años trasladando, bueno, pues esas licencias que se nos van presentando en el Ayuntamiento y que detectan errores o pequeños cambios que se pueden subsanar sin ningún problema, como es el que tienen, por ejemplo, las parcelas Z1, Z2 y Z3 de unifamiliares que por culpa de la ordenación prevista en el ámbito, pues aún no se han podido desarrollar. Tienen una serie de problemas con el garaje mancomunado y con algunas deficiencias que subsanamos con esta modificación,

Por el grado de desarrollo que tiene el ámbito en este momento, que aún está en proceso de ejecución de la urbanización, el suelo tiene la clasificación de suelo urbanizable en proceso de ejecución y por esto la modificación puntual no introduce cambios que puedan alterar los derechos de los propietarios de suelo afectados por la reparcelación. En este sentido, por eso,

*sentido, por iso, pois por exemplo non se fai o cambio directamente dese terciario a residencial, senón que o que se fai é meter o residencial como un uso alternativo permitindo que cando se soliciten as licenzas nesas parcelas se poida solicitar licenza para un uso residencial completo sen alterar, digamos, toda a conta da compensación do polígono que aínda está en marcha.*

*Por tanto, a proposta de acordo que traemos a este pleno municipal é, primeiro, aprobar inicialmente o documento denominado “Modificación Puntual N° 17 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coruña no ámbito do Sector SURT-2 ‘Parque Ofimático/Xuxán’, xullo 2025”, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña, e redactado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada, Beatriz Aneiros Filgueira e Laura Fernández Suárez; segundo, trasladar o documento aprobado á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e someter o documento ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante a inserción no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia da Coruña; e terceiro, notificar este acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e aos servizos e departamentos municipais, e tamén, por tanto, aos particulares afectados, todos eles interesados na tramitación do expediente.*

*Grazas.*

### **Presidencia**

*Ben, moitas grazas. Iniciamos a quenda de debate. Tres minutos. Señora Veira, ten a palabra.*

*pues por ejemplo no se hace el cambio directamente de ese terciario a residencial, sino que lo que se hace es meter el residencial como un uso alternativo permitiendo que cuando se soliciten las licencias en esas parcelas se pueda solicitar licencia para un uso residencial completo sin alterar, digamos, toda la cuenta de la compensación del polígono que aún está en marcha.*

*Por lo tanto, la propuesta de acuerdo que traemos a este pleno municipal es, primero, aprobar inicialmente el documento denominado “Modificación Puntual N° 17 del Plan General de Ordenación Municipal de Coruña en el ámbito del Sector SURT-2 ‘Parque Ofimático/Xuxán’, julio 2025”, promovido por el Instituto Galego de Vivenda e Solo y el Concello de A Coruña, y redactado por los arquitectos Álvaro Fernández Carballada, Beatriz Aneiros Filgueira y Laura Fernández Suárez; segundo, trasladar el documento aprobado a la Dirección General de Urbanismo de la Xunta de Galicia, para los efectos previstos en el artículo 60.7 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia, y someter el documento al trámite de información pública durante el plazo de dos meses, mediante la inserción en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los xornais de mayor difusión de la provincia de A Coruña; y tercero, notificar este acuerdo al Instituto Galego da Vivenda e Solo y a los servicios y departamentos municipales, y también, por tanto, a los particulares afectados, todos ellos interesados en la tramitación del expediente.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Bien, muchas gracias. Iniciamos el turno de debate. Tres minutos. Señora Veira, tiene la palabra.*



**Señora Veira González**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Ben, pois desta volta desde o BNG tamén imos votar a favor desta modificación puntual no ámbito de Xuxán que recolle, pois como ben se explicou, o cumprimento do convenio coas persoas propietarias da marxe dereita da avenida da Vedra e neste sentido quero saudar a Pili, que hoxe nos acompaña, veciña que loitou moitísimo por que isto fose unha realidade, cun desgaste, evidentemente, persoal importantísimo, xunto co resto de veciñas que eu acompañei en moitísimas ocasións e que a súa tenacidade desde logo é a que permite que hoxe en día, pois esteamos falando deste convenio e que esteamos falando do cumprimento e a modificación puntual. Así que, pois non teño máis que mandarlle unha aperta moi, moi grande e todo o meu cariño.

Tamén esta modificación puntual recolle a transformación dunha serie de metros cadrados inicialmente recollidos como terciarios que van pasar a ser residenciais.

Imos apoiar sen dúbida esta modificación puntual, cremos que é positiva, mais creo que se falamos de Xuxán e de solo público, ademais, e se falamos do caso dos propietarios da marxe dereita da avenida da Vedra, hai dúas cuestións que non podemos esquecer. A primeira, non nos podemos esquecer das cooperativistas que hoxe en día teñen unha situación complicadísima coa xestora de Galivivienda. Queremos manifestar unha vez máis toda a nosa solidariedade e empatía cara a estas persoas que viven, pois unha situación moi inxusta, que tiñan un soño moi concreto que era vivir de aluguer de maneira tranquila —miren vostedes que soño— que deixaron todo o seu capital

**Señora Veira González**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Bien, pues en esta ocasión desde el BNG también vamos a votar a favor de esta modificación puntual en el ámbito de Xuxán que recoge, pues como bien se explicó, el cumplimiento del convenio con las personas propietarias de la margen derecha de la avenida de la Vedra y en este sentido quiero saludar a Pili, que hoy nos acompaña, vecina que luchó muchísimo por que esto fuera una realidad, con un desgaste, evidentemente, personal importantísimo, junto con el resto de vecinas que yo acompañé en muchísimas ocasiones y que su tenacidad desde luego es la que permite que hoy en día, pues estemos hablando de este convenio y que estemos hablando del cumplimiento y la modificación puntual. Así que, pues no tengo más que mandarle un abrazo muy, muy grande y todo mi cariño.*

*También esta modificación puntual recoge la transformación de una serie de metros cuadrados inicialmente recogidos como terciarios que van a pasar a ser residenciales.*

*Vamos a apoyar sin duda esta modificación puntual, creemos que es positiva, pero creo que si hablamos de Xuxán y de suelo público, además, y si hablamos del caso de los propietarios de la margen derecha de la avenida de la Vedra, hay dos cuestiones que no podemos olvidar. La primera, no nos podemos olvidar de las cooperativistas que hoy tienen una situación complicadísima con la gestora de Galivivienda. Queremos manifestar una vez más toda nuestra solidaridad y empatía hacia estas personas que viven, pues una situación muy injusta, que tenían un sueño muy concreto que era vivir de alquiler de manera tranquila —miren ustedes qué sueño— que dejaron todo su capital para hacer realidad esto y*





para facer realidade isto e que, pois están vivindo un absoluto inferno.

Por outra parte, está moi de actualidade hoxe en día unha situación que está a propiciar o Partido Popular desde a Xunta de Galiza que é a situación das veciñas de Monte Mero, onde se lle pretende dar unha solución, chamámoslle así, que non é unha solución, parecida á que lle deron a estas veciñas de Elviña. Nós desde o BNG, desde logo, imos facer todo o posíbel para que iso non sexa así. Está moi ben que se desenvolva o Monte Mero, está moi ben que se faga vivenda pública, pero non pode ser sobre a xente que si vive, que si está vivindo hoxe en día nese ámbito. Eu creo que é unha reflexión que temos que deixar aquí dita. Lamento que non estea o Partido Popular para escoitalo, un Partido Popular que desde a Xunta de Galiza lle prometeu ós veciños de Monte Mero que non se ían tocar as súas casas e hoxe en día o que lle prometen é un soar onde van ter que edificar eles mesmos e que van ter que pagar, eh?, e que van a botalos das súas casas e que van tirar as súas casas, e dígoo sobre todo a colación desa grandilocuente defensa que fixo o señor Lorenzo no caso das Xubias falando, por certo, de edificacións que estaban desocupadas.

Polo tanto, desde o BNG imos apoiar esta modificación puntual e reiteramos ese agarimo e esa solidariedade, e ese compromiso que creo que mantivemos coas veciñas de Elviña, cando menos eu desde que son concelleira, desde o Bloque Nacionalista Galego. Nada máis.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

Señor Díaz, para pechar este debate.

**Señor Díaz Gallego**

*que, pues están viviendo un absoluto infierno.*

*Por otra parte, está muy de actualidad hoy una situación que está propiciando el Partido Popular desde la Xunta de Galicia que es la situación de las vecinas de Monte Mero, donde se le pretende dar una solución, le llamamos así, que no es una solución, parecida a la que le dieron a estas vecinas de Elviña. Nosotros desde el BNG, desde luego, vamos a hacer todo lo posible para que eso no sea así. Está muy bien que se desarrolle el Monte Mero, está muy bien que se haga vivienda pública, pero no puede ser sobre la gente que sí vive, que sí está viviendo hoy en ese ámbito. Yo creo que es una reflexión que tenemos que dejar aquí dicha. Lamento que no esté el Partido Popular para escucharlo, un Partido Popular que desde la Xunta de Galicia le prometió a los vecinos de Monte Mero que no se iban a tocar sus casas y hoy lo que le prometen es un solar donde van a tener que edificar ellos mismos y que van a tener que pagar, ¿eh?, y que van a echarlos de sus casas y que van a tirar sus casas, y lo digo sobre todo a colación de esa grandilocuente defensa que hizo el señor Lorenzo en el caso de As Xubias hablando, por cierto, de edificaciones que estaban desocupadas.*

*Por lo tanto, desde el BNG vamos a apoyar esta modificación puntual y reiteramos ese cariño y esa solidaridad, y ese compromiso que creo que mantuvimos con las vecinas de Elviña, cuando menos yo desde que soy concejala, desde el Bloque Nacionalista Galego. Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Señor Díaz, para cerrar este debate.*

**Señor Díaz Gallego**

*Si. Agradecer, desde logo, o voto favorable do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego a este asunto.*

*Desde logo, bo, resaltar tamén o que comentaba a señora Veira coa que comparto plenamente en canto á importancia desta modificación porque cumpre ese convenio que temos asinado cos veciños da marxe dereita, que poden ver ao fin resoltos os seus problemas despois de tantos anos de loitas e de incertezas, e nese sentido, bo, desde a nosa chegada a Urbanismo comprometémonos con eles en que buscaríamos esa solución, de que esa solución, obviamente, non podía tampouco afectar a outros veciños que xa están a vivir tamén no ámbito do Ofimático e creo que este é o camiño que, bo, pois que pode facilitarlle a vida a ambos os casos, non?, tanto aos veciños que xa estaban e que queren ver resoltos os seus problemas e poñer fin a unha loita que tivo que ser, desde logo, doutra maneira, como aos veciños que xa viven no Ofimático que tampouco teñen por que pagar por algo que non tiveron culpa ningunha, e a maiores tamén, bo, pois é obvio que esta modificación o que trae é un incremento da vivenda pública no ámbito e na cidade moi notable, un incremento de vivenda pública en parcelas que ademais son da Xunta de Galicia e que son do Concello da Coruña e que desde logo se alíña con esa idea deste goberno municipal estes días que vimos de aprobar a zona de mercado residencial tensionado de chegar a un estándar de solos de vivenda pública que sexa desde logo equiparable ao das principais cidades europeas que ven como se poden solucionar os problemas do acceso ao alugueiro porque teñen ese parque de vivenda pública que, bo, que permite regular un mercado que agora mesmo está completamente desregulado, e nese sentido esas parcelas da Xunta de Galicia que verán incrementadas o seu*

Sí. Agradecer, desde luego, el voto favorable del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego a este asunto.

Desde luego, bueno, resaltar también lo que comentaba la señora Veira con la que comparto plenamente en cuanto a la importancia de esta modificación porque cumple ese convenio que tenemos firmado con los vecinos del margen derecho, que pueden ver al fin resueltos sus problemas después de tantos años de luchas y de incertidumbres, y en ese sentido, bueno, desde nuestra llegada a Urbanismo nos comprometimos con ellos en que buscaríamos esa solución, de que esa solución, obviamente, no podía tampoco afectar a otros vecinos que ya están viviendo también en el ámbito del Ofimático y creo que este es el camino que, bueno, pues que puede facilitarle la vida a ambos casos ¿no?, tanto a los vecinos que ya estaban y que quieren ver resueltos sus problemas y poner fin a una lucha que tuvo que ser, desde luego, de otra manera, como a los vecinos que ya viven en el Ofimático que tampoco tienen por qué pagar por algo que no tuvieron culpa alguna, y a mayores también, bueno, pues es obvio que esta modificación lo que trae es un incremento de la vivienda pública en el ámbito y en la ciudad muy notable, un incremento de vivienda pública en parcelas que además son de la Xunta de Galicia y que son del Concello de a Coruña y que desde luego se alinea con esa idea de este goberno municipal estos días que venimos de aprobar la zona de mercado residencial tensionado de llegar a un estándar de suelos de vivienda pública que sea desde luego equiparable al de las principales ciudades europeas que ven cómo se pueden solucionar los problemas del acceso al alquiler porque tienen ese parque de vivienda pública que, bueno, que permite regular un mercado que ahora mismo está completamente desregulado, y en ese sentido esas parcelas de la Xunta de Galicia que verán incrementadas su suelo

*solo residencial protexido e esas parcelas municipais teñen que poñerse, desde logo, canto antes, xa ao servizo desta política de vivenda e desde logo instaremos á Xunta de Galicia a que en canto se aprobe definitivamente esta modificación, pois poidan construír xa e promover esa vivenda pública que tanto se necesita e desde logo instarémolles a que sexa preferentemente de alugueiro, que é o que buscan tamén os demandantes de solo..., de solo non, de vivenda protexida na cidade.*

*Comparto plenamente, desde logo, esa reflexión sobre os cooperativistas de Galivivienda. Estamos a nos reunir con eles, estamos a ver todos os problemas que están a ter e tentando axudarlles, tanto desde o Goberno municipal como desde o Goberno do Estado, que me consta, desde logo, por numerosas chamadas que se me están facendo, e imaxino que tamén á alcaldesa, desde o Ministerio de Vivenda, que están preocupados por este tema e que están encima deste tema, e desde logo estaremos con eles para buscar unha solución e para que poidan ter ese fogar co que soñaron no Parque Ofimático a un prezo alcanzable e que poidan facer a súa vida na Coruña, que é o que buscamos, entendo que toda esta corporación, que é que a xente que quere vivir en Coruña a un prezo alcanzable opoída facer e o poida facer con iniciativas como esta que son cooperativas que acceden, desde logo, a solo público, canto máis ese necesario control por parte das administracións. Grazas.*

### **Presidencia**

Ben, moitas grazas, señor Díaz.

Procedemos á votación deste asunto.

### **Votación do asunto número cinco**

residencial protegido y esas parcelas municipales tienen que ponerse, desde luego, cuanto antes, ya al servicio de esta política de vivienda y desde luego instaremos a la Xunta de Galicia a que en cuanto se apruebe definitivamente esta modificación, pues puedan construir ya y promover esa vivienda pública que tanto se necesita y desde luego les instaremos a que sea preferentemente de alquiler, que es lo que buscan también los demandantes de suelo..., de suelo no, de vivienda protegida en la ciudad.

Comparto plenamente, desde luego, esa reflexión sobre los cooperativistas de Galivivienda. Estamos reuniéndonos con ellos, estamos viendo todos los problemas que están teniendo e intentando ayudarles, tanto desde el Gobierno municipal como desde el Gobierno del Estado, que me consta, desde luego, por numerosas llamadas que se me están haciendo, e imagino que también a la alcaldesa, desde el Ministerio de Vivienda, que están preocupados por este tema y que están encima de este tema, y desde luego estaremos con ellos para buscar una solución y para que puedan tener ese hogar con el que soñaron en el Parque Ofimático a un precio asequible y que puedan hacer su vida en A Coruña, que es lo que buscamos, entiendo que toda esta corporación, que es que la gente que quiere vivir en Coruña a un precio asequible lo pueda hacer y lo pueda hacer con iniciativas como esta que son cooperativas que acceden, desde luego, a suelo público, cuanto más ese necesario control por parte de las administraciones. Gracias.

### **Presidencia**

Bien, muchas gracias, señor Díaz.

Procedemos a la votación de este asunto.

### **Votación del asunto número cinco**



Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

### **Presidencia**

Grazas. Pois queda aprobado por unanimidade.

### **Acordo**

Primeiro. Aprobar inicialmente o documento denominado “Modificación Puntual Nº 17 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do Sector SURT-2 ‘Parque Ofimático/Xuxán’, xullo 2025”, promovida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña, e redactado por Fernández Carballada Asociados SLP, e asinada polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada Beatriz Aneiros Filgueira e Laura Fernández Suárez, cos números de colexiados no COAG 1.047, 2.137 e 12.752, respectivamente.

Segundo. Trasladar o documento aprobado á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e someter o documento ao trámite de información pública durante o prazo de dous (2) meses, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, co fin de que poidan formularse as alegacións que as persoas interesadas estimen convenientes.

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

### **Presidencia**

*Gracias. Pues queda aprobado por unanimidad.*

### **Acuerdo**

*Primero. Aprobar inicialmente el documento denominado “Modificación Puntual Nº 17 del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del Sector SURT-2 ‘Parque Ofimático/Xuxán’, julio 2025”, promovida por el Instituto Galego de Vivenda e Solo y el Ayuntamiento de A Coruña, y redactado por Fernández Carballada Asociados SLP, y firmada por los arquitectos Álvaro Fernández Carballada Beatriz Aneiros Filgueira y Laura Fernández Suárez, con los números de colegiados en el COAG 1.047, 2.137 y 12.752, respectivamente.*

*Segundo. Trasladar el documento aprobado a la Dirección General de Urbanismo de la Xunta de Galicia, a los efectos previstos en el artículo 60.7 de la Ley 2/2016, del 10 de febrero, del suelo de Galicia, y someter el documento al trámite de información pública durante el plazo de dos (2) meses, mediante la inserción de anuncios en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia, con el fin de que puedan formularse las alegaciones que las personas interesadas estimen convenientes.*





Terceiro. Notificar este acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, aos Servizos e Departamentos municipais, e aos particulares afectados, todos eles interesados na tramitación do expediente.

### Intervencións

#### Presidencia

Aquí remata este pleno extraordinario e remata tamén o curso político a 31 de xullo. Quero darlles as grazas a todos os presentes e tamén a todo o personal municipal que nos acompaña nesta noble tarefa. A todos e a todas desexarlles un bo descanso e un bo verán. Supoño que collerán días, ou mellor dito, deben coller días para descansar e desconectar un pouco.

Sinto moito que este último pleno pois remate coa ausencia dun dos grupos da oposición e probablemente eu me saltara todas as normas da ortodoxia comunicativa ou plenaria, pero miren, antes que alcaldesa son unha persoa e as persoas, pois ás veces temos os nosos momentos bos e os nosos momentos menos bos. Sinto que, en fin, se hurtara o debate político, que é realmente para o que estamos aquí e que se decidan outras actitudes, pero é o que hai.

Agora si vén un mes para disfrutar e para descansar aqueles que collan xa as vacacións, outros marcharemos un pouco máis tarde. En todo caso, moitísimas grazas a todos e a todas. Feliz verán e vémonos en setembro.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás doce horas e corenta e un minutos, a Presidencia levanta a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral;

*Tercero. Notificar este acuerdo al Instituto Galego da Vivenda e Solo, a los Servicios y Departamentos municipales, y a los particulares afectados, todos ellos interesados en la tramitación del expediente.*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Aquí finaliza este pleno extraordinario y finaliza también el curso político a 31 de julio. Quiero darles las gracias a todos los presentes y también a todo el personal municipal que nos acompaña en esta noble tarea. A todos y a todas desearles un buen descanso y un buen verano. Supongo que cogerán días, o mejor dicho, deben coger días para descansar y desconectar un poco.*

*Siento mucho que este último pleno pues finalice con la ausencia de uno de los grupos de la oposición y probablemente yo me haya saltado todas las normas de la ortodoxia comunicativa o plenaria, pero miren, antes que alcaldesa son una persona y las personas, pues a veces tenemos nuestros momentos buenos y nuestros momentos menos buenos. Siento que, en fin, se hurtara el debate político, que es realmente para lo que estamos aquí y que se decidan otras actitudes, pero es lo que hay.*

*Ahora sí viene un mes para disfrutar y para descansar aquellos que cojan ya las vacaciones, otros marcharemos un poco más tarde. En todo caso, muchísimas gracias a todos y a todas. Feliz verano y nos vemos en septiembre.*

*No habiendo más asuntos que tratar, a las doce horas y cuarenta y un minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario*



todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*

**ANEXO ASUNTO 1****ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA****ÍNDICE****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO****ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE****ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN E EXENCIÓNS****ARTIGO 4. RECARGO COTA CERO****ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO****ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS****ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA****ARTIGO 8. PAGAMENTO****ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN****ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN****ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS****ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA****ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA****ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS****ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE****DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA****DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#) crea no Título I, Capítulo II, Sección 2ª, o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei prevé o imposto como medida fiscal para impulsar o turismo sostible.

A sección 3ª da devandita lei, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», sinala que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, como mínimo nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sostible.

En uso de tal facultade é polo que se propón a redacción da presente ordenanza por parte do Concello da Coruña, tras ser realizada consulta pública entre o 30 de xaneiro e o 26 de febreiro do 2025, na que se informou acerca dos problemas que se pretenden solucionar con esta normativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da mesma e as posibles solucións alternativas á implantación desta medida. Consta no expediente informe emitido ao respecto polo Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Na elaboración da norma tívose en conta que o Concello recibe desde hai décadas un fluxo crecente de persoas visitantes, que supoñen unha poboación flotante de media dunhas 30.000 persoas, un 12% adicional á poboación residente.

Esta realidade, que se caracteriza, ademais, por unha concentración territorial moi marcada nalgúns barrios, representa para o Concello un exceso de custo no gasto dalgúns servizos públicos, que os fondos procedentes da recarga sobre o imposto contribuirán a paliar. Así mesmo, estes fondos deberán destinarse tamén a mellorar e diversificar a oferta turística, e a promover un modelo de turismo responsable e sostible.

## ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Esta recarga réxese, en todo o que non prevexa esta ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello da Coruña.

## ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible desta recarga a estancia turística, por días ou fraccións, con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, constitúe o feito imponible o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realice escala no porto da Coruña.



2. Para estes efectos, teñen a consideración de establecemento de aloxamento turístico os determinados na normativa reguladora en materia de turismo, que aos efectos desta ordenanza son os seguintes:

- a. Establecementos hoteleiros.
- b. Apartamentos turísticos.
- c. Vivendas turísticas.
- d. Vivendas de uso turístico.
- e. Campamentos de turismo.
- f. Establecementos de turismo rural.
- g. Albergues turísticos.

3. Entenderase por estancia o goce do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estancias nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o apartado 1 constitúen, en todo caso, estancias turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

4. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, pola que se establece o feito impositivo do imposto.

### **ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E DE EXENCIÓN**

1. Non estarán suxeitas á recarga sobre o imposto as estancias seguintes:

- a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as dos seus acompañantes, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.
- b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada.
- c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.

2. Non se realizará o feito impositivo do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tivesen como saída ou destino final un porto situado na Coruña cidade.

3. Estarán exentas as seguintes estancias:

- a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.
- b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.
- c) As estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.
- d) As estancias realizadas en albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

### **ARTIGO 4. RECARGA COTA CERO**

Establécese unha recarga de cero euros para as estancias que se indican a continuación:



- a) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia debidamente xustificada a competicións oficiais que se celebren na cidade da Coruña.
- b) As que se realicen con motivo habitacional como consecuencia da realización de obras de mellora ou acondicionamento na vivenda habitual na Coruña.
- c) **As que realicen as persoas participantes en congresos oficiais na cidade da Coruña organizados, patrocinados ou onde participe como institución colaboradora o Concello da Coruña.**
- d) **Os/as docentes universitarios/as que veñan impartir cursos oficiais á cidade da Coruña de duración inferior a cinco días.**

#### **ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO**

**Primeira:** A aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde, queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable onde se acredite que a estancia se efectúa por motivos de saúde, xa como receptora da prestación, xa como acompañante, ao darse o suposto de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan. En caso de que sexan diversas as persoas contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todas elas, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.01.

**Segunda:** Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.b) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada, ou para a aplicación da cota cero para deportistas federados que participen en competicións oficiais na cidade da Coruña do artigo 4, a persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable na que se acredite que a estancia se efectúa polos devanditos motivos, indicando cal é o partido de competición oficial que se disputa ou cales son os datos da competición á que se asiste.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.02.

**Terceira:** Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas, enténdense por causas de forza maior os acontecementos que se produzan no termo municipal que non se puidesen prever ou ben que se puidesen prever pero fosen inevitables, tales como as catástrofes naturais ou os actos violentos.

Para gozar desta non suxeición, as persoas contribuíntes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) Asinar unha declaración responsable na que se acredite que o acontecemento producido afecta á persoa contribuínte e que se efectúa o orzamento de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa contribuínte. En caso de que



sexan diversas persoas, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todos as persoas contribuíntes, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Achegar un documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.03.

**Cuarta:** A aplicación da exención prevista no apartado 3.a) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas menores de idade non emancipadas, queda condicionada á exhibición dos documentos que acrediten a idade do menor, como o documento de identidade, o pasaporte, o libro de familia ou outros documentos análogos, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de menores de 14 anos que non dispoñan de documento identificativo, admítase tamén a declaración responsable por parte do/da proxenitor/a, titor/a ou acompañante maior de idade.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.04.

**Quinta:** A aplicación da exención prevista no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.05.

**Sexta:** Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.c) do artigo 3, relativa ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, é suficiente coa xustificación documental da reserva efectuada ou coa factura a cargo da entidade promotora do programa social, sempre que identifique claramente o programa a cargo do cal se financia a estancia. Todo isto sen prexuízo da xustificación por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.06.

**Sétima:** Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.d) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, é suficiente con que presenten unha declaración responsable. O Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.07.

**Oitava:** Para acreditar a aplicación da cota cero para congresistas ou docentes que participen en congresos oficiais ou cursos na cidade da Coruña do artigo 4, a persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable na que se acredite que a estancia se efectúa polos devanditos motivos, indicando cal é o congreso ou curso universitario.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.08.



**Novena:** O substituto da persoa contribuínte ten que conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación da cota cero anteriores.

## **ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS**

1. Será suxeito pasivo contribuínte da recarga do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos. No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento do pagamento do imposto.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estará obrigado ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico determinado na lei.

b) O consignatario que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da empresa armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do imposto.

3. Terá o carácter de responsable solidario do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.

b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

## **ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA**

1. O importe da recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas consistirá nunha porcentaxe do 100 % sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas máximas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024 antes de aplicar a bonificación.

2. O importe da recarga do imposto determínase polo número de días dos que conste cada período de estancia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico. No caso de estancias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estancia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación.

3. Para os efectos da aplicación da recarga sobre o imposto, enténdese que son unidades de estancia os días ou as fraccións que comporta a estancia continuada da persoa contribuínte no mesmo establecemento ou equipamento turístico.

